



CAMPO DE VOLUNTARIADO "AROUSA AZUL"

(VILANOVA DE AROUSA - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
26/08 - 06/09/2025	18-30	Autonómico e da Galicia exterior	Medioambiental e mariño	25

LOCALIZACIÓN

Vilanova de Arousa é un pequeno concello costeiro que se localiza ao oeste da Mancomunidade do Salnés, na provincia de Pontevedra.

DESCRICIÓN DO CAMPO

Trátase do I Eco-Campo de Voluntariado medioambiental e mariño na ría de Arousa e Illa de Cortegada.

A principal actividade a realizar neste campo consistirá na limpeza da costa litoral e a Illa de Cortegada organizarase un grupo de kaiak de mar para realizar tarefas de limpeza de residuos, dende a praia das Sinas ata o porto de Vilanova de Arousa, entrando no illote de Insuiña, ata a entrada da ría con Cortegada.

O litoral dividirase en zonas de actuación, no que se irá limpando e clasificando os residuos recollidos para a súa reciclaxe.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Actividades deportivas náuticas e de natureza: buceo de superficie, kaiak, slackline, sendeirismo, tiro con arco e plogging costeiro (recollida de lixo en modo carreira).

- Visitas e excursións: Museo da salazón de O Grove, visita ás fábricas depuradoras e de conservas, Mirador do Siradella e complexo intermareal Umia - O Grove- Ons. Visita á lonxa e ao porto pesqueiro e deportivo de Vilanova de Arousa, excursión a Santiago de Compostela.

COMO CHEGAR

Dende Santiago pódese viaxar por estrada en bus (www.monbus.es) ou en tren.

Dende Vigo o servizo de autobús faino a compañía www.monbus.es ata Pontevedra e dende alí ata Vilagarcía e Arousa www.autocaresnb.com. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

No Albergue Xuvenil das Sinas (en tendas de campaña). A manutención será no comedor do albergue.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/11212-albergue-xuvenil-as-sinas-vilanova-de-arousa>



INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día na estación de tren de Vilagarcía de Arousa. É necesario comunicar a través de correo electrónico a hora de chegada para poder coordinar o traslado ao albergue.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario o causa médica grave que afecte a la persona participante y le impida incorporarse al campo, que deberá acreditarse con informes médicos y/o del hospital en que esté ingresada.



CAMPO DE VOLUNTARIADO "AROUSA AZUL" (VILANOVA DE AROUSA - PONTEVEDRA)

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.



QUE TRAER

- Artigos de limpeza e unha toalla de ducha.
- Saco de durmir e mochila pequena.
- Zapatos de montaña e calzado deportivo.
- Roupas: roupa deportiva (suadoiros...), roupa de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), roupa de abrigo (adeuada para traballar baixo a choiva

ou con clima frío), impermeable, roupa de traballo (guantes, gorro / sombreiro, calzado cómodo...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Vigo:
campospontevedra.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación.

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

